

Xestión de Persoal

EXPEDIENTE.- 2023/G003/003967

REF.- JL/bz/23

ASUNTO.-CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO “Obradoiro Arteixo Seguro 2023-2024”

Por Decreto de Alcaldía nº 3643/2023 de data vinte e oito de novembro de dous mil vinte e tres, apróbanse a convocatoria e as bases para a selección do alumnado traballador e persoal do obradoiro de emprego “Obradoiro Arteixo Seguro 2023-2024”, que de seguido se expoñen:

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO

“Obradoiro Arteixo Seguro 2023-2024”

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obradoiro de emprego “Arteixo Seguro 2023-2024” é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e promovido polo **Concello de Arteixo**.

A especialidade a impartir é a seguinte:

- SEAG0209 Limpeza en espazos e instalacións industriais. (NIVEL 1)

As actuacións a realizar son as seguintes:

1. Limpeza viaria en zona escolar e deportiva.
- 2.-Limpeza viaria en zona Candame.
- 3.-Limpeza viaria en Arteixo Centro.
- 4.-Limpeza viaria na zona Travesía de Arteixo.
- 5.-Limpeza viaria núcleo urbano de Meicende.
- 6.-Limpeza viaria núcleo urbano de Pastoriza.
- 7.-Limpeza viaria núcleo urbano de Vilarrodís
- 8.-Limpeza viaria núcleo urbano de Oseiro
- 9.-Limpeza viaria na zona da Groufa.

O obradoiro terá unha duración de **12 meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as, 10 para cada unha das especialidades.**

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- **1 director/a** (xornada completa)
- **2 mestres/as** da especialidade “ Limpeza en espazos e instalacións industriais” (xornada completa)
- **1 mestre/a** titor/a (xornada do 75%)
- **1 auxiliar administrativo/a** (xornada do 50%)

SEGUNDA.- MODALIDADE DA CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO

O alumnado traballador será contratado, baixo a modalidade de contrato de traballo de formación en alternancia, coas retribucións correspondentes ao salario mínimo interprofesional para 2023. De acordo co disposto no punto 1 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, a estes contratos non lles será de aplicación o límite de idade, nin o de duración establecido, respectivamente, no artigo 11.2a) e b) do dito estatuto.

A modalidade contractual que se aplicará para o persoal docente, directivo e de apoio administrativo será a dun contrato de traballo de duración determinada para a mellora da ocupabilidade e inserción laboral. A relación contractual co persoal rexerese pola normativa sobre contratación laboral temporal e percibirán as seguintes retribucións mensuais:

- Director/a: 2.067,26 €
- Mestre/a de especialidade: 1.812,82 €
- Mestre/a titor/a (xornada do 75%): 1.359,61 €
- Auxiliar Administrativo/a (xornada do 50%): 723,63 €

O presente proxecto terá como data límite prevista para o seu inicio o 11/12/2023, segundo se establece na Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG número 85, do 4 de maio de 2023).

TERCEIRA.- CONVOCATORIA

En cumprimento do capítulo III no seu artigo 12, punto 1)- Procedemento de selección do persoal de dirección, docente e administrativo- da Orde do 21 de abril de 2023 (DOG número 85 de 4 de maio de 2023), da Consellería de Emprego e Igualdade, no que se establece que “Na selección do persoal formador, directivo e de apoio, poderase empregar a oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, a convocatoria pública ou ambas”. O Concello de

Arteixo presentará, no Servizo Público de Emprego de Galicia, unha oferta para a selección do persoal.

Os/as demandantes de emprego preseleccionados/as, pola oficina de emprego de Coruña-Centro, serán informados/as e convocados/as para participar no proceso de selección (pola oficina de emprego) unha vez presentada a oferta de emprego. O alumnado-traballador, o equipo docente, directivo e administrativo de apoio presentarán toda a documentación que consideren oportuna no momento que se lle requira polo Departamento de Promoción Económica do Concello de Arteixo, co obxecto de ser valorada polo tribunal segundo baremo contido nestas bases.

CUARTA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O Tribunal seleccionador nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e artigo 60 do Texto Refundido da Lei 7/2007 do Estatuto do Empregado Público, así como garantindo os criterios de competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei de Igualdade do Home e da Muller. Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do tribunal de selección nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.e estará composto do seguinte xeito:

- Presidente/a: Empregado/a público da corporación ou Persoal laboral fixo do Concello de Arteixo ou doutra administración pública (titular e suplente): D^a. María Pose Facal, Técnica de Emprego (titular) e D. Alberto Cayazzo Martínez Técnico Informático (suplente)
- Secretaria/o, quen actuará con voz e voto: O/a secretario/a da Corporación ou funcionario da Corporación que lle substitúa (titular e suplente): D. José María Vázquez Pita, Secretario xeral (titular) e D^a Belén Zas González, administrativa (suplente)
- Vogais: Tres vogais, sendo funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Arteixo, ou doutra administración pública cumprindo o criterio de titulación e especialidade técnica (titular e suplente):
 - César Rodríguez Ventureira, técnico de emprego (titular) e Beatriz García Mollón, Técnica de Administración Xeral (suplente) (suplente).
 - D^a. Paola Díaz Calvelo, Técnica de Orientación Laboral (titular) e D. Óscar Miranda Lodeiro, Técnico de Medio Ambiente (suplente).
 - D^a. Manuela Herrador Fandiño, administrativa (titular) e D. Francisco Álvarez Molina, administrativo (suplente).

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores especialistas, os cales actuarán con voz e sen voto, cando as circunstancias así o aconsellen.

O tribunal de selección considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de

traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes, sendo imprescindible en calquera caso a actuación de Secretario/a e Presidente/a.

As decisións do tribunal de selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do tribunal de selección, algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que para o efecto designe a persoa titular da entidade promotora, segundo sexa o caso.

QUINTA.- PROCEDIMENTO SELECCIÓN ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS

Sistema de selección: Oferta tipo T (Taller de Emprego)

Localidade: Ámbito do Concello de Arteixo. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir un contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, durante toda a duración da etapa de formación en alternancia, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores modificado polo Real decreto lei, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Criterios preferentes de selección: os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11º da Orde do 21 de abril de 2023, (DOG número 85, do 4 de maio de 2023), segundo baremo que se xunta e no anexo destas bases.

Serán excluídos do proceso selectivo as persoas candidatas que recibiran formación do mesmo certificado de profesionalidade en obradoiros anteriores, con independencia de que rematasen o obradoiro anterior con resultado apto ou non apto. Tamén quedarán excluídas as persoas en posesión do mesmo certificado obtido por calquera outra vía.

Tamén serán excluídos do proceso aqueles candidatos que incorran en calquera tipo de falsidade documental.

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar pola Oficina de Emprego , será de 60 (3 *por praza*). A sondaxe terán en conta as persoas demandantes que teñan solicitado algún destes servizos: **320, 330, 340 ou 370, así como demandantes de emprego que se atopen**

na situación administrativa de suspensión 699, a partir dos 18 anos, segundo instrucións emitidas pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

A entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **oficina de emprego de A Coruña Centro**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo tribunal de selección.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as, será efectuada polo Tribunal, que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego, e unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Estes aspectos valoraranse e faranse públicos con anterioridade a baremación de méritos.

O Tribunal poderá optar por substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citados todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado.

No caso de igualdade na puntuación, o criterio de desempate será o maior tempo acreditado como desempregado/a.

SEXTA.- PROCEDIMENTO SELECCIÓN PERSOAL DIRECTIVO E DOCENTE

Unha vez aprobadas estas bases o Concello de Arteixo, como Concello promotor tramitará a correspondente oferta de emprego Tipo A ordinaria na oficina de emprego Coruña-Centro.

Esta oferta adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego e **terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego** (artigo 12.5).

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, 10 candidatos/as por posto.

A documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustificarán cos correspondentes certificados ou diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - a) Traballo por conta allea: contratos de traballo ou certificados de empresa e informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada.

b) Traballadores autónomos: alta e baixa no imposto de actividades económicas xunto co último recibo ou documento que lle exima da devandita obriga, e informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social.

c) Traballos no estranxeiro: certificación oficial na que conste a ocupación desempeñada e os períodos traballados.

Os requisitos mínimos esixidos para acceder ao proceso selectivo non serán obxecto de valoración. Os méritos baremables deben estar, en todo caso, relacionados coas funcións a desenvolver.

No caso de igualdade na puntuación o criterio de desempate axustarase aos criterios seguintes:

- O maior tempo acreditado como demandante de emprego
- Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia docente, se fose o caso
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- A puntuación do apartado de coñecemento idioma galego
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- O de maior idade

SÉTIMA.- PUBLICACIÓNS E/OU NOTIFICACIÓNS

O Concello de Arteixo publicará os resultados no taboleiro de anuncios do Concello e na oficina de emprego de A Coruña Centro, así como na páxina web da entidade promotora, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Unha vez presentada a documentación necesaria, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor dos/las aspirantes propostos/as polo Tribunal, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo máximo de tres días naturais, a contar desde a data de publicación da proposta de contratación debendo, en calquera caso, estar de alta con efecto do 11 de decembro de 2023.

Previamente á sinatura dos contratos, os/as aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018 de 5 decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais facilitados serán incorporados a un ficheiro de titularidade pública, do que é responsable o Concello de Arteixo, coa finalidade de aplicalos ás actividades relacionadas coas súas competencias segundo se especifica no Regulamento municipal de protección de datos de carácter persoal. En relación cos seus datos persoais, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos Lei 3/2018 de 5 decembro, dirixíndose ao Concello de Arteixo (Praza Alcalde Ramón Dopico – 15142 – Arteixo – A Coruña)

NOVENA.- NORMAS FINAIS

Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso-administrativo, o réxime xurídico dos contratos

será a da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

ANEXO I: BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCIONS:

A persoa candidata seleccionada encargárase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e farase cargo de supervisar o traballo administrativo, tamén será responsable de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ante o **Concello de Arteixo como entidade promotora**, as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
5. Facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
7. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
9. Levar a cabo a xustificación económica do proxecto ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Será contratado/a a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Arquitecto/a superior.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

- Doutoramento: 1,25
- Licenciatura ou grao: 1,50
- Diplomatura: 1
- Máster: 0,75 (+ 500H) e 0,50 (ata 500H)
- Postgrao: 0,50 (+ 300H) e 0,25 (ata 300H)
- Título Técnico Superior: 0,50
- Título Técnico Medio: 0,30

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 6 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10

- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30
- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, non será obxecto de puntuación.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,25
- Celga 4 ou equivalente: 0,50
- Celga 5: 1 punto
- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75
- Curso superior linguaxe administrativa: 1

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación desemprego:

Computarase o período de inscrición como demandante de emprego nos últimos dous anos: 0,25 puntos por cada 3 meses

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 2 puntos.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 7 puntos.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso igualdade na puntuación o criterio de desempate será o establecido nestas bases xerais.

ANEXO II: BAREMO PARA A SELECCIÓN DE DOUS/DÚAS MESTRES/AS DE ESPECIALIDADE LIMPEZA EN ESPAZOS ABERTOS E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS

FUNCÍONS:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Serán contratados/as:

- **2 mestres/as** da especialidade SEAG0209“Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais” (xornada completa)
- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas con estes contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: os establecidos no RD 720/2011, de 20 de maio, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade.

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartición de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

- Doutoramento: 1,25
- Licenciatura ou grao: 1,50
- Diplomatura: 1
- Máster: 0,75 (+ 500H) e 0,50 (ata 500H)
- Postgrao: 0,50 (+ 300H) e 0,25 (ata 300H)
- Título Técnico Superior: 0,50
- Título Técnico Medio: 0,30

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 6 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase únicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30

- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, non será obxecto de puntuación.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 1 punto.

Cursos de formación:

- Curso de “Especialización docente” (100 horas): 0,50

- Curso de “Metodoloxía didáctica” (150 horas): 0,75

- Curso de “Formador de formadores” (400 horas): 1

- Curso de “Docencia da Formación Profesional para o Emprego” (SSCE0110): 1

- **Máster secundaria** ou **CAP**: 1

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou máster a maiores do mínimo esixido polo correspondente certificado de profesionalidade.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 1 punto.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,25

- Celga 4 ou equivalente: 0,50

- Celga 5: 1 punto

- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75

- Curso superior linguaxe administrativa: 1

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación desemprego:

Computarase o período de inscrición como demandante de emprego nos últimos dous anos:
0,25 puntos por cada 3 meses

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 2 puntos.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 7 puntos.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso igualdade na puntuación o criterio de desempate será o establecido nestas bases xerais.

ANEXO III: BAREMO PARA A SELECCION DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

Será contratado/a a xornada parcial (50%)

FUNCIÓNS:

O/A candidato/a seleccionado/a encargarse das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando co director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade, arquivo de documentación.
- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado.
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.

- Cubrir os formularios e demais documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora

Será contratado a xornada parcial

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación de ciclo formativo de grao medio ou grao superior da familia profesional de Administración e Finanzas: Grao Medio en Xestión Administrativa, Grao Superior en Administración e Finanzas ou Grao Superior en Asistencia á Dirección.

Experiencia profesional mínima: 12 meses en ocupacións relacionadas co posto a desenvolver.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

Título de técnico/a de outra rama relacionada ou o seu equivalente: 0,50 punto

Título de bacharelato: 1,5 puntos

Titulación universitaria: (licenciatura, grao ou diplomatura): 2 puntos

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos** A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,20 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso

- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos

- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos

- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de alta **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**.

Puntuación final:

O/a candidato/a seleccionado/a será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución emitida pola Dirección Xeral de Formación e Colocación en data 26/04/2022 .

ANEXO IV: BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA MESTRE/A TITOR/A

FUNCIONES:

Realizará labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargarse da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título de ESO, Competencias Clave o proba de acceso a Ciclos de Formación Profesional. Deberá ter experiencia profesional docente relacionada coa impartición de materias desta titulación académica. Ademáis, colaborará na formación en materia de xestión empresarial, iniciación á informática e igualdade de xénero, inserción laboral, co resto do equipo directivo e docente.

O/A mestre/a titor/a será contratado/a o 75% da xornada.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Diplomado/a ou Grao en Maxisterio.

Experiencia profesional mínima: 12 meses en ocupacións relacionadas co posto a desenvolver.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

- Doutoramento: 1,25
- Licenciatura ou grao: 1,50
- Diplomatura: 1
- Máster: 0,75 (+ 500H) e 0,50 (ata 500H)
- Postgrao: 0,50 (+ 300H) e 0,25 (ata 300H)
- Título Técnico Superior: 0,50
- Título Técnico Medio: 0,30

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 6 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase únicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30
- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 1 punto.

Cursos de formación:

- Curso de **“Especialización docente”** (100 horas): 0,50
- Curso de **“Metodoloxía didáctica”** (150 horas): 0,75
- Curso de **“Formador de formadores”** (400 horas): 1
- Curso de **“Docencia da Formación Profesional para o Emprego”** (SSCE0110): 1
- **Máster secundaria ou CAP**: 1

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,25
- Celga 4 ou equivalente: 0,50
- Celga 5: 1 punto
- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75

- Curso superior linguaxe administrativa: 1

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación desemprego:

Computarase o período de inscrición como demandante de emprego nos últimos dous anos: 0,25 puntos por cada 3 meses

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 2 puntos.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 7 puntos.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso igualdade na puntuación o criterio de desempate será o establecido nestas bases xerais.

ANEXO V: BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO

1.- MULLERES

- Vítimas de violencia de xénero.....2 punto.
- En xeral1 punto.

2.- IDADE

1. 18 - 29 anos 1 punto.
2. 30 - 44 anos2 punto.
3. 45 ou máis 3 puntos.

3.- DISCAPACIDADE

- Discapacidade igual o superior 33 % 1 punto.

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

1. Perceptores de desemprego1 punto.
2. Perceptores de subsidios..... 2 puntos.
3. Que esgotasen prestación ou subsidio no último ano.....3 puntos. (*Este punto acreditarase a través de informe de vida laboral*)

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses 1 punto.
- De 12 a 18 meses... 2 puntos.
- Máis de 18 meses... 3 puntos.

6.- EXPERIENCIA LABORAL EN POSTOS SIMILARES RELACIONADOS CAS ESPECIALIDADES FORMATIVAS NOS ÚLTIMOS 10 ANOS.

1. Ata 6 meses 1 puntos.
2. Máis de 6 meses ata doce meses 2 puntos.
3. Máis de doce meses ata 24 meses3 puntos
4. Máis de 24 meses.....4 puntos

Acreditación experiencia laboral:

a)Traballadores asalariados: informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de fotocopias de contratos ou certificados de empresa, onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado.

b)Traballadores autónomos ou por conta propia: informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social nos que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no rexime especial correspondente e descrición de actividade desenvolvida, así como alta no IAE (actualizada).

7.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixos.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

1. Unidade familiar de 4 ou máis membros 1 punto.
2. Monoparental con fillo/s 1 punto.

8.- OUTROS

1. Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)..... 1 puntos.

A puntuación máxima posible no Baremo de méritos é de 17 puntos.

9.- ENTREVISTA

1. Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Puntuarase ata un máximo de 9 puntos, equivalente ao 35% da totalidade do proceso selectivo.
2. A entrevista terá carácter previo á baremación de méritos dos/as aspirantes e deberanse determinar os criterios de cualificación, recolléndooos explícitamente en Acta e facendo constar o coñecemento dos mesmos por parte dos/as aspirantes.

A modo orientativo poderanse utilizar os seguintes criterios para cualificación de 0 a 9 puntos a entrevista:

-Posibilidade de mellora da empregabilidade a través deste obradoiro: de 0 a 3 puntos.

-Aptitude en relación coa especialidade de limpeza en espazos abertos, experiencia previa, coñecementos non regrados e similares: de 0 a 3 puntos.

-Outros factores psicosociais e económicos a considerar non incluído no baremo: como por exemplo situación familiar, problemas psicolxicos e/ou de socialización...: de 0 a 3 puntos.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo e a entrevista. No caso igualdade na puntuación o criterio de desempate será o establecido nestas bases xerais.

Asina dixitalmente: Carlos Calvelo Martínez, Alcalde-Presidente